



ORDENANZA Nº 9
**ORDENANZA REGULADORA DA
TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS
A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E
RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA
APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARA-
DA DE VEHÍCULOS, CARGA E DES-
CARGA DE MERCANCÍAS DE CAL-
QUERA CLASE.**

Artigo 1º.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.h), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase" especificado nas tarifas contidas no apartado 2 do artigo 4º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das cales se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

Artigo 3º.- Categorias das rúas ou polígonos.

1. Para os efectos previstos para a aplicación da tarifa do apartado 2 do artigo 4º seguinte, as vías públicas deste municipio clasifícanse en categorías.

2. Anexo a esta ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste municipio con expresión da categoría que corresponde a cada unha delas.

3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo cualificadas así ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel no que aprobe o Pleno desta Corporación a categoría

correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

4. Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas ou máis vías públicas clasificadas en distinta categoría, aplicarase a tarifa que corresponda á vía de categoría superior.

Artigo 4º.- Contía.

A tarifa que se aplicará será a seguinte:

Por entrada de vehículos a través das beirarrúas, ata 4 m, en rúas de 1ª categoría, 3.000 pta.

Por entrada de vehículos a través das beirarrúas, ata 4 m, en rúas de 2ª categoría, 2.500 pta.

Por metro en exceso, 300 pta.

Artigo 5º.- Normas de xesión.

1.- As cantidades esixibles consonte ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo a que se refire o artigo seguinte e formular declaración acompañando un plano detallado do aproveitamento e da situación dentro do municipio.

3.- Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias, se se desen diferencias, notificaranse estas ós interesados e xiraranse, de se-lo caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferencias polos interesados e, de se-lo caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4.- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

5.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentras o interesado non presente a declaración da baixa.

6.- A presentación da baixa producirá efectos a partir do día primeiro do semestre natural seguinte ó da presentación. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

7.- As obras de construción, reforma ou supresión da pasaxe serán realizadas polo titular da pasaxe, baixo inspección técnica do Concello. O mantemento e conservación serán igualmente a custa do titular.

8.- Así mesmo deberán sinala-lo bordo con pintura en toda a lonxitude do rebaixe ou zona de reserva deste.

A pintura será reflectante semellante á utilizada nas sinalizacións viarias.

9.- As licencias anularanse:

- a) Por non conservar en perfecto estado o seu rebaixe, beirarrúa ou pintura.
- b) Por non uso ou uso indebido.
- c) E en xeral por incumprimento de calquera das obrigas impostas nesta ordenanza ou concesión.

10.- Todo titular que realice un rebaixe de bordo, sinalice de calquera forma a entrada ou porta ou o bordo, ou exista uso da entrada de carruaxes sen obter a correspondente licenza, será requirido pola Administración municipal para que no prazo de quince días o repoña, á súa custa, ó seu estado primitivo.

Sen embargo, se a pasaxe reúne os requisitos establecidos nesta ordenanza, o infractor, poderá dentro do prazo indicado solicita-la oportuna licenza, tralo pagamento dos dereitos dobres, con independencia dos que poidan existir polos levantamentos de actas de inspección fiscal.

11.- Formarase un padrón das persoas suxeitas ó pagamento do dereito ou prezo público que, aprobado en principio polo Concello, se anunciará ó público por quince días no BOP, para os efectos de reclamación.

O referido padrón, unha vez aprobado polo Concello, trala resolución das reclamacións interpostas, constituirá a base dos documentos cobratorios.

12.- Os traslados, ampliacións, reducións, baixas, cambios de uso deberá solicitalos, inexcusablemente, o seu titular.

Os traslados serán considerados como outorgamento dunha nova licenza de pasaxe, considerando como baixa a supresión do existente.

Os cambios de titularidade deberán notificalos os interesados.

Para que se proceda á tramitación da baixa do padrón, debe realizarse previamente:

- a) Retirar toda sinalización que determine a existencia dunha pasaxe permanente.
- b) Retira-la pintura existente no bordo.
- c) Entrega-la placa oficial nos servizos municipais competentes.

En tanto non se solicite, expresamente, a baixa, continuará aplicándose o presente prezo público.

Artigo 6º.- Obriga de pagamento.

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada semestre natural.

2. O pagamento do prezo público realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería municipal ou onde establece-

se o Concello, pero sempre antes de retirar-la correspondente licenza.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais, nas oficinas da Recadación municipal, desde o día 16 do mes do ano ata o día 15 do mes.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no BOP e que transcorra o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE.- A SECRETARIA.